

MEMORIA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



O día 25 de novembro celebrouse o *Día Internacional contra a violencia de xénero*, un grave problema social que impide o desenvolvemento das capacidades e da dignidade das vítimas e provoca máis mortes de mulleres e nenas que ningún outro abuso contra os dereitos humanos. A súa causa está na organización patriarcal da sociedade, isto é, na desigualdade ou desequilibrio de poder que tradicionalmente marcaron as relacións de xénero. Malia ser as mulleres a metade da humanidade, multitude de feitos amosan que segue sen estar asumida a súa condición de ser humano en igualdade de condicións cos varóns.

Con tal motivo, todos os organismos, entidades e asociacións españolas e galegas sensibilizadas con esta lacra social, fixeron actividades de denuncia e apoio. E como non ía ser menos, o Concello de Moraña organizou un programa de actividades para conmemorar este día.

O 20, 21, 24 e 25 de novembro colocouse dentro e fóra do concello un panel baixo o lema "Moraña contra a violencia de xénero. Reflexións." co obxectivo de que todas e todos escribisen os seus pensamentos a cerca deste tema e poder así sensibilizar se cabe un pouquiño máis á poboación morañesa. A cambio dos seus pensamentos quen escribise no panel recibiu a cambio un laciño de cor lila como símbolo deste día que festexamos.



Outra das actividades que se levaron a cabo foi o obradoiro "A linguaxe non sexista" que se celebrou o sábado 22 de novembro de 10:00 a 13:00 horas na Casa de Cultura A.D.R. Castelao para o público en xeral.

A falta de representación simbólica das mulleres na lingua podemos observala en múltiples ocasións nas que o uso da linguaxe as fai invisibles. A utilización do masculino é un hábito que exclúe ás mulleres da lingua cando existen palabras, que son realmente xenéricas e que inclúen os dous sexos. Por iso, os obxectivos primordiais deste obradoiro foron:

- Considerar unha prioridade e unha necesidade que se faga un uso non sexista da linguaxe en tódalas situacións de comunicación.
- Mellorar o nosos coñecementos da lingua de uso e do abano de posibilidades que esta ofrece, xa que, canto máis dominemos o código, máis recursos teremos ao noso alcance para evitar o androcentrismo lingüístico e eludir o masculino como xenérico.
- Familiarizarse cunha serie de recomendacións de uso.

Un obradoiro centrado no incorrecto uso sexista da linguaxe que responde a unha tradición discriminatoria para as mulleres que debe modificarse.

